

PLAN DE IGUALDADE

CURSO 2019-2020

CPI DE PROGRESO – CATOIRA



PLAN DE IGUALDADE CURSO 2019-2020

ÍNDICE	
0- Índice	Páxina 0
1- Introducción	Páxina 1
2- Contextualización normativa	Páxina 2
3- Contextualización de centro	Páxina 7
4- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia	Páxina 8
5- Obxectivos xerais do plan	Páxina 9
6- Obxectivos específicos do plan	Páxina 10
7- Medidas concretas de actuación	Páxina 11
8- Seguimento e avaliación	Páxina 12

1. INTRODUCCIÓN.

Os principios nos que se inspira a nosa práctica educativa no CPI Progreso, son o respecto á dignidade da persoa e aos dereitos humanos, nun espazo de convivencia e igualdade que ten como finalidade o logro do pleno desenvolvemento da personalidade do noso alumnado.

A sociedade actual demanda novos retos á escola como axente activo no proceso de socialización das nenas e nenos e xóvenes adolescentes, polo que temos o compromiso social de educar en igualdade entre mulleres e homes e de eliminar todo tipo de prácticas discriminadoras e sexistas na nosa comunidade educativa. Defendemos un modelo de ensinanza coeducativo, transmitindo valores que contribúan á eliminación da desigualdade entre sexos, favorecendo a igualdade nas expectativas académicas e profesionais, así como a corresponsabilidade no ámbito familiar e social.

Somos conscientes de que a muller ten sido silenciada na maioría dos coñecementos escolares, o que a invisibiliza, carecendo de referentes femininos nos diferentes campos do saber (a Historia, a Ciencia,...), polo que nos comprometemos a que nas programacións didácticas as mulleres sexan nomeadas, así as nosas alumnas e alumnos tamén terán referentes femininos nos diferentes campos do saber, rompendo así con valores dunha sociedade androcéntrica. Introduciremos a análise de xénero na elaboración dos nosos materiais e na forma de comunicarnos, promovendo un uso non sexista da linguaxe.

Promovemos unha educación en valores que fomente actuacións preventivas contra o acoso e a violencia de xénero, violencia sexual, contra a homofobia, e contra toda conduta contraria ás manifestacións da diversidade humana.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA.

CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA: pola que se rixen as directrices deste Plan de Igualdade no centro.

- MARCO NORMATIVO A NIVEL EUROPEO

- Artigo 8 do Tratado de Funcionamento da UE: outógalle o cometido de eliminar as desigualdades entre homes e mulleres e promover a súa igualdade a través de todas as súas accións.
- Resolución do Parlamento Europeo do 2 de xuño de 2015 sobre a estratexia da UE para a igualdade entre homes e mulleres.

- MARCO NORMATIVO A NIVEL ESTATAL

- *A Constitución española de 1978* recoñece no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo.
- *A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes* establece no artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes. O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.
- Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.
 1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.
- Lei 1/2004 de 28 de diciembre de Medidas integrais contra a violencia de xénero.

- ÁMBITO ESTATAL EDUCATIVO

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio (LOE), (modificada pola Lei 8/2013, de 9 novembro para a mellora da calidade educativa LOMCE) no artigo 1 establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. e no artigo 2 :entre os fins da educación:.. “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

- MARCO NORMATIVO AUTONÓMICO DE GALICIA

- *O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:*

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionará, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

B) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C) A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero

Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
 2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".
- A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

Hai que estar alerta, no ámbito educativo, nas xeracións máis novas, para evitar que se manteñan patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller, xa que os últimos estudos oficiais indican que aínda persisten prexuizos e actitudes discriminatorias e violencia de xénero.

Artigo 20. Plans de acción tutorial: “Os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos incluírán apartados específicos destinados a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas.”

Artigo 21: Proxectos educativos e curriculares de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, nas actitudes e nos procedementos.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:*

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso. 2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

- *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual".*

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

- O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, así entre os principios informadores e fins das normas de convivencias recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Entre os obxectivos xerais do Plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como obxectivo a eliminación de todas as manifestacións de violencia, incluída a violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- Plan estratéxico de Galicia para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e liberdade de identidade de xénero, abril 2026)

3. CONTEXTUALIZACIÓN DE CENTRO.

- Nos documentos de centro (PE, PXA e Programacións didácticas) recóllense todos os principios normativos a favor dunha educación en igualdade de dereitos entre mulleres e homes.
- No PAT: inclúese como un dos obxectivos abordar nas titorías a igualdade de sexos, así como o desenvolvemento de actividades de coeducación e igualdade de xénero.
- No Plan de orientación académica e profesional recólles como obxectivo a desenvolver: contribuir á igualdade de oportunidades, erradicando a discriminación no acceso á oferta formativa e laboral por cuestións de xénero.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.

Levarase a cabo unha observación para coñecer cal é o punto de partida e así introducir os cambios que sexan necesarios, cuestiionándonos onde detectamos máis discriminación, deste modo os aspectos a observar serán os seguintes:

- Os documentos escritos de centro: se existe ou non unha linguaxe sexista
- A elección de materiais e recursos educativos farase tendo en conta a perspectiva de xénero.
- As actitudes e comportamentos do alumnado (se xustifican a agresión a unha muller, os ciumes como control da parella entre adolescentes, adxudicar roles de xénero ás tarefas domésticas...).
- Uso dos espazos do centro, nos tempos de lecer (dominio do espazo físicos do patio para xogar só elesao fútbol,...).

5. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN.

A desenvolver nun período de tres cursos:

- Eliminar a discriminación por razóns de xénero no centro e favorecer a igualdade entre mulleres e homes.
- Impulsar medidas organizativas e pedagóxicas que fomenten a igualdade real entre mulleres e homes.
- Realizar un diagnóstico da situación de discriminación no centro.
- Participar de forma igualitaria na realización de xogos, actividades grupais e situacións de comunicación.
- Desenvolver a propia autonomía e a identidade persoal libre dos estereotipos de xénero.
- Concienciar contra a violencia de xénero como unha responsabilidade social.
- Eliminar a linguaxe sexista dos documentos e materiais do centro.
- Evitar as imaxes estereotipadas que contribúen a perpetuar a diferenciación por roles de xénero.
- Incluír nas diferentes materias e actividades o papel da muller no presente e ao longo da historia, especialmente no referente á súa participación nas ciencias e tecnoloxías.
- Eliminar os problemas relacionados con condutas discriminatorias ou estereotipos sexistas, incluídos os insultos sexistas, homófobos, racistas, etc.
- Previr todo tipo de violencias machistas, a través da súa identificación, rexeitamento e corrección.
- Evitar condutas discriminatorias ou o fomento dos estereotipos sexistas.
- Eliminar o machismo, a misoxinia, a homofobia, a transfobia, e todo tipo de discriminacións.
- Contribuír ao aumento da corresponsabilidade nos fogares do alumnado.
- Conseguir que o proxecto vital do alumnado do centro responda aos seus propios gustos e valores, independente do seu xénero.
- Avanzar na igualdade de comportamentos do alumnado do centro: igual capacidade para resolver conflitos pacificamente, alto rendemento escolar, igual capacidade de participación nas actividades do centro, xestión das emocións, ética do coidado, etc

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN.

- Eliminar a linguaxe sexista das comunicacións ao profesorado e familias.
- Revisar e modificar, se fora o caso, a linguaxe sexista nos documentos de centro.
- Perfeccionar entre o profesorado, o correcto uso da linguaxe non sexista.
- Iniciar a identificación e substitución de imaxes sexistas nos materiais escolares.
- Evitar todo o posible, as imaxes estereotipadas que contribúen a perpetuar a diferenciación por roles de xénero.
- Introducir, como mínimo, unha imaxe que rompa abertamente cos roles de xénero tradicionais por materia.
- Incluír nas diferentes materias e actividades o papel da muller no presente e ao longo da historia, especialmente no referente a súa participación nas ciencias e tecnoloxías.
- Incluír un mínimo de referentes femininos por materia.
- Organizar, como mínimo, unha actividade complementaria conxunta (unha en primaria e outra en secundaria) por trimestre, na que se valore o papel da muller, ben sexa na historia, na literatura, nas ciencias, na arte, etc.
- Empregar, como mínimo, unha titoría ao trimestre para traballar especificamente a igualdade.
- Organizar xogos alternativos ao fútbol en, como mínimo, dous recreos á semana.
- Adquisición de libros coeducativos para a biblioteca do centro, en función do orzamento do que dispoñamos e necesidades.
- Revisión das lecturas recomendadas desde as diferentes materias, dende a perspectiva de xénero, promocionando a lectura das que sexan coeducativas, e utilizando didacticamente, con traballo de aula, as que non o sexan.
- Promoción da resolución pacífica dos conflitos a través de xogos cooperativos, a acción tutorial, e reflexión co alumnado que deba acudir á aula de convivencia inclusiva.
- Coidar especialmente que a educación afectiva e sexual sexa impartida dende un punto de vista coeducativo e inclusivo da diversidade.
- Celebración conxunta das efemérides: día contra a violencia de xénero, 8 de marzo (empoderamento feminino), celebración día diversidade nas identidade e orientacións sexuais.
- Nomear unha persoa responsable en igualdade dentro do Consello escolar.

7. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.

- Nos diferentes órganos de representación e dirección do centro hai representación equitativa.
- No presente curso escolar nomearase a unha persoa responsable de igualdade no Consello escolar.
- Unha vez aprobado o plan de igualdade daráselle difusión na comunidade educativa a través dos diferentes órganos de participación (claustro, consello, ccp, Anpa, alumnado).
- Poñerase a disposición de toda a comunidade educativa unha guía práctica de linguaxe non sexista
- http://www.inmujer.gob.es/servRecursos/formacion/GuiasLengNoSexista/docs/Guiaslengu_ajenosexista_.pdf
- A través da acción titorial e en colaboración co Concello de Catoira, desenvolveranse obradoiros de educación afectivo-sexual na ESO.
- En colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Catoira, organízaranse obradoiros de defensa persoal para alumnas e de novas masculinidades para os alumnos (celebración 25-N).
- Desenvolvemento dunha actividade conxunta de todo o centro o 25-N.
- Obradoiros de Igualdade para os niveis de Primaria e a ESO en colaboración coa Asociación de mulleres rurais.
- Organización de charlas sobre a diversidade sexual para todo o alumnado dos diferentes niveis educativos, en colaboración coa Asociación NÓS-MESMAS.
- Solicitud ao CFR de Pontevedra de MALETA DA IGUALDADE da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, que inclúe libros coeducativos para todos os niveis educativos.
- Difusión a toda a comunidade educativa dunha guía de orientación profesional sen sesgo de xénero.
- <https://drive.google.com/file/d/0B4kxH9HDVZCbSnR6VHNzRTdsNzg/view>
- Organizarase unha comisión na CCP para analizar por departamentos didácticos a inclusión de referentes femininos nas diferentes áreas.
- Organización dos patios inclusivos, con actividades guiadas e dinamizadas coa colaboración do alumnado de 6º curso de EP.

- Deseño de unha campaña de sensibilización do acoso sexual, orientación sexual e identidade de xénero.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Coas conclusións obtidas a través dos indicadores do logro realizaremos un breve informe que inclúa as propostas de mellora e os cambios necesarios no plan para o curso seguinte. Resaltaremos as principais fortalezas e debilidades do plan e trazaremos alternativas cando sexa necesario.

Indicadores de logro.

Avaliación do desenvolvemento do plan de igualdade	Escala		
(Indicadores de logro)	1	2	3
Analizouse a presenza de linguaxe sexista nos documentos do centro?			
Analizouse a presenza de estereotipos de xénero nos documentos do centro?			
Realizouse unha enquisa ao profesorado?			
Avaliouse o uso dos espazos do centro?			
Eliminouuse a linguaxe sexista das comunicacións ao profesorado e familias?			
Os documentos de centro están redactadas cunha linguaxe non sexista?			
O profesorado perfeccionou o uso correcto da linguaxe non sexista?			
O profesorado evitou todo o posible, as imaxes estereotipadas sobre os roles de xénero nos distintos materiais?			
Introduciuse, como mínimo, unha imaxe que contradiga os roles de xénero tradicionais por materia?.			
Incluíronse como mínimo un referente feminino por materia?			
Organizouse, como mínimo, unha actividade complementaria conxunta (unha en primaria e outra en secundaria) por trimestre, na que se puxo en valor o papel da muller, ben fora na historia, na literatura, nas ciencias, na arte, etc?.			
Empregouse, como mínimo, unha titoría ao trimestre para traballar especificamente a igualdade?.			
Organizáronse xogos alternativos ao fútbol en, como mínimo, dous recreos á semana?.			
Adquiríronse suficientes libros coeducativos para a biblioteca do centro segundo criterio do claustro?			
Revisáronse as lecturas recomendadas desde as diferentes materias, dende a perspectiva de xénero?			
Promocionáronse as lecturas coeducativas dende as diferentes materias?			

Traballouse co alumnado, dalgunha maneira, a identificación de sexismo nas lecturas?			
Promocionouse a resolución pacífica dos conflitos?			
A educación afectiva e sexual foi impartida dende un punto de vista coeducativo e inclusivo da diversidade?			